

07 AGOSTO DO 2008 - NÚMERO 731

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Lupe Gómez



Lupe Gómez

O diafragma das nubes

Lupe Gómez (*Fisteus*, Curtis, 1972) non cansa de explorar novas palabras, novas ideas e novos formatos. A diferenza doutros poetas contemporáneos, a súa traxectoria é a confirmación da vertente máis radical da poesía: a que funde a experimentación coas investigacións íntimas. Despois de deixar libros xa clásicos das últimas décadas –*Pornografía* ou *Os teus dedos na miña braga con sangue*–, despois de publicar crónicas individuais que ela converte nun auténtico catálogo de experiencias colectivas –como *Fisteus era un mundo*– despois de irromper con forza inusitada no xénero dramático e de converterse nunha das periodistas máis admiradas das que traballan en Galicia, Lupe Gómez achégalles aos lectores un dos seus catálogos urbanos. Trátase dun percorrido –ás veces irónico, ás veces trágico, case sempre callado de sutil humor– que nos leva da man polas rúas de Compostela, que ela retrata cunha forza insólita. Neste monográfico de verán de *Revista das Letras*, Lupe Gómez réndelle así homenaxe á cidade amada pero, sobre todo, ao mapa humano que a constrúe.

O idioma do aire

Os seres humanos son como o aire. Veñen e van. Móvense. Por iso gústanme tanto. O idioma no que falan é claro, ou escuro, ou difícil, ou duro, ou incomprendible. Unha das cousas máis bonitas da vida é pasear pola rúa e quedar pasmada mirando a forma de camiñar da xente, as roupas que visten as persoas, o aire que levan. Todos son tan diferentes que tanto podes atopar unha pija como unha monxa ou un zombi. Que rara sería a cidade se non houbese zombis! Que aburrido sería todo se non houbese monxas que van rezando o rosario para ter a mente ocupada! Que feas serían as pasarelas da moda se non houbese pijas entregadas en corpo e alma a estar guapas! Os seres humanos québranse, descubren cousas que non sabían, ou teñen torcida a columna vertebral. “As mulleres deben preparar con esmero comida variada e procurar ter a casa limpa e ordenada”. Se te namoras do aire, a túa voz vólvese calma. Os seres humanos son coches de choque que chocan, que se fan dano uns aos outros. Perdeuse o respecto que sabe ter o aire coas cousas todas, coas árbores, coas flores. Non son bons tempos para crer na humanidade. Manolo Rivas díxolle a unha troita: “a min gustaríame escribir como andaba Charlot. Andar ás ceibas, sen seguir o camiño trazado.” O oficio dos zombis é moverse e actuar como se estivesen aparvados ou somnábulo. Neruda escribiu unha oda para o aire que dicía: “No, aire, no te vendas, que no te canalicen, que no te entuben, que no te encajen, ni te compriman, que no te hagan tabletas, que no te metan en una botella...”. A psicoloxía é o estudo das persoas reais e irreais. Seres humanos con nubes na cabeza, e paxariños que saben comportarse e saben estar. A elegancia do aire cando che conta cousas profundas e transparentes.

A escritora do barrio

A Ánxeles Sumai

A escritora ten a columna vertebral torcida. En cada barrio hai unha escritora coa vista perdida. Ela camiña co peso de mil primaveras nas costas. Non lle impidades o paso. Ela vai pensando nas cousas que ocorren na India. Unha tarde de febreiro a morte entrou no hospital da escritora. Ela converteuse na sombra dun gato. Escribía o principio dunha novela polas mañás e polas noites escribía o final. Non lle digades palabras á escritora. Ela leva os puños cheos de flores cortadas. O barrio da escritora non é un mapa colgado na parede da escola. A súa cara sorrí aínda que haxa moitísima neve. Na praia as arañas falan con ela e sae nos xornais en moitísimas fotografías. Ela preferiría non ter esa vida pública. Cando fala por teléfono sente unha confianza repentina na súa propia voz e por iso fala moito. O máis precioso na vida para a escritora son os vínculos, aínda que nos poemas diga que está moi soa. Ela namorouse dun aviadador. Ela colleu o tren e foise a África o venres pola tarde. Ela morreu pouco a pouco. Cando os xornalistas lle fan entrevistas insisten en que é unha escritora “moi vital”. Parece divertida e atrevida cando explica os motivos de escribir. A columna vertebral da escritora ás veces non resiste o peso do corpo da escritora. Ela xa non sae polas noites porque se cansa de estar de pé sen saber expresarse ben coa boca e tomando cervexas que saben mal. Cando dá conferencias e vai a congresos toda a xente lle di que os seus libros son especiais e emocionantes. A ela gustaríalle ter menos fame.

A escritora leva unhas botas brancas de plástico, tan modernas e tan bonitas que parece unha labrega triste. Non lle roubedes eses ollos lindos que ela ten, que son como antenas parabólicas onde todo conflúe e morre. Que ninguén interrompa a oración que vai rezando a escritora pola rúa mentres camiña con tres ou catro bolsas do supermercado cheas de comida.

Endereitar a columna vertebral da escritora sería difícil, sería imposible.

A poetisa encerrada en corpo de muller

A Ánxeles Sumai

Ela era unha muller gris e de súpeto descubriu que tiña dentro unha poetisa encerrada nun cárcere. Deixouna saír fóra e púxose a brincar. Descubriu que podía falar e ser escoitada, que as palabras teñen música clandestina. Debuxou un poema na barriga iluminada da lúa: “quero ter unha hortiña chea de flores, verzas, caracois, mapoulas, tomates, caraveis”. Cando a poetisa se botou a pacer nos prados, a muller melancólica recuperou o sorriso que deixara abandonado nun caixón onde gardaba todas as súas mortes. Apagou a televisión, o aparello máxico no que agochaba todos os silencios, todas as tormentas, todas as bágoas. Escribiu un poema nas enrugadas da noite: “vexo a carne fosforita que aposta por saír da miña cintura, roxe e acanea como as ondas encabuxadas da praia da Coruña.” A muller tímida tiña uns fermosos ollos verdes e era tan alta como a torre de Hércules. Toda a súa vida estivo atada de mans e pernas. Algunhas vidas parecen ditaduras. Ás 8 vou á oficina. Ás 2 fago a comida. Pola tarde vou á oficina. Polas noites estou tan cansa que meto a cabeza no lavavaixelas. As mulleres que votan o PSOE teñen 3 ou 4 empresas. Ela aprendeu a debuxar: “tento construír coas miñas mans aneis de auga...” A muller rota reconstruíu o espello e agora non se perde ningún recital e ningunha conferencia. O seu corpo converteuse nun tesouro. A literata tiña cheos de feridas os dedos dos pés. Non é doado desencravar o corazón cando está tan preso. O mar ten moita fame e necesidade de comer poetisas.

Mobbing

Ela cre que a María Inmaculada se reencarnou na súa persoa, e por iso está sempre limpando. Limpa o cuarto de baño, frega o chan da cociña, lava a vaixela. Cando aparece algo de po na casa a ela dälle un ataque de nervios. Ela quere limpar a alma e nunca o consegue. Se ve unha bosta de vaca na porta do seu cuarto ela sofre un mareo, e hai que facerlle hipnose para que volva ser ela mesma, tal como é: unha persoa escura, enfermiza, pouco xenerosa. Todos os días desprende enerxía negativa. Cando fala con alguén só sabe falar dos seus problemas: o pouco que lle pagan por ser profesora de piano, as limpezaas que fai ás veces nas casas dos ricos, o maleducados que son os nenos de agora, a pouca roupa que levan sobre os seus corpos as adolescentes. Ela non ten amigos. Ela non ten familia. É unha persoa tan dura e desagradable que un día destes lle van saír cornos na cabeza. Non é doce. Viste pantalóns de home, zapatos de home. Hai mulleres que en vez de mulleres parecen esperpentos moito máis feos que as obras de Valle-Inclán. Ela pretende facerlles mobbing a todas as persoas coas que convive: ao principio resulta próxima e despois é un tigre que quere pelexarse cos cabalos. Saca os dentes para pelexar, e son os dentes máis feos que viu nunca un dentista. Sempre está co trapo na man e enche a casa de olor a lixivia. Bebe viño Ribeiro ás escondidas e come moitas pizzas das que veñen conxeladas, moitas salchichas e moitas hamburguesas. Ela, que é tan relixiosa, di que “hai que darlle alegrías ao corpo”. As pantasmaas morais teñen moito que ver con traumas sexuais. As monxas teñen o demo dentro. Están de moda o “mobbing” e o acoso escolar, e ela vai buscando guerra en todas partes.

É necesario facerlle urxentemente un exorcismo.

O paraugas vive moitas vidas

Alguén deixou tristemente abandonado un paraugas rosa nunha librería. Un mozo bipolar colleu aquel paraugas porque chovía moito. O paraugas deprimiuse e sentiuse emocionalmente inestable. O mozo bipolar, superdotado e valioso como un diamante, coñeceu nun chat unha moza guapísima. El díxolle a ela: “non teño traballo, vivo cunha pensión de 300 euros”. Ela díxolle: “non me importa que esteas enfermo, o que me importa é a túa alma grande de balea”. Ela nunca levaba paraugas aínda que chovese. El deixou abandonado o precioso paraugas no cine, onde viu unha película chea de utopías e silencios.

El choraba mentres camiñaba sen rumbo, nunha tarde de domingo tan detida e tranquila como os nenos na misa. “Estate quieta” díxolle a moza guapísima á súa filla cando tentaba vestila para saír de paseo. No cine entrou unha actriz que tiña 23 anos e vivía namorada nunha nube. Quería mudar de casa. Buscaba un apartamento pequeno e barato para vivir soa e compartir o corpo co seu amante de ollos delicados. A actriz do barrio colleu o paraugas nas súas mans ilimitadas. Sentáballes ben coa cor lila dos seus lentes. O paraugas superou a depresión que lle doía nas adentras, e lanzouse á vida irreal dos escenarios. O paraugas interesouse polas vangardas artísticas e interpretou de noite unha obra de teatro que era unha alegoría do desexo. A actriz ten o corazón cheo de historias, e fala cos seus amigos coma se conversar fose unha verbena. O director que dirixe a actriz é tan tímido que escapa correndo cando vai cear á casa da súa noiva. Odia os paraugas e pérdeos en todos os lugares. A actriz vai escoitando música e abandona o lixeiro paraugas nunha parada de autobús.

O paraugas prepárase para vivir novos romances.

A personalidade do lixo

Por que o ser humano produce tanto lixo? O plástico, o orgánico, o vidro e o papel van en bolsas diferentes. Cando amanece todo se enche de cores. A profesora de francés está de baixa porque ten vertixe. Agora fala galego, pois ten un noivo de Negreira. Ela di: “vou e non vou”. O lixo está en silencio, gardado en caixas como se fose un enxoval. No supermercado todo vén moi ben envasado. Máis e máis lixo para facer unha montaña de restos. A profesora de francés está sempre moi elegante, preparada para unha festa invisible. Cando alborece, o lixo queda durmindo un pouco máis na cama. Soa o espertador e ninguén o escoita. Os lobos son enigmáticos e tranquilos. É mellor botarlle pouco azucre ao café para que non estea moi azucarado. O lixo quere nadar. Os nenos de 6 anos aprenden a reciclar para que os bosques podan respirar. As princesas non comen carne de porco. A muller guapísima escíbelle unha carta a un carballo que medra fermosísimo mentres todo son miserias ao seu redor. O raiar do sol é brillante. Ela ten un accidente de coche porque se marea cando vai conducindo. Os accidentes rompen o anel das mans brancas da profesora de francés. O lixo acumúlase nas rúas, igual que se acumulan os soños, as preocupacións e os tormentos. Eros Ramazzoti canta ben, pero Xabier Díaz canta moitísimo mellor. O futuro é a ecoloxía? “Teño unha noiva pastora, delgada como un salgueiro, como unha abrairiña nova, que fía para onde eu quero. Pastora que andas co gando onde che vai a color, pouco a pouco foi marchando, como as folliñas ó sol.” A profesora de francés leva uns lentes de sol para que a claridade non lle roube a enerxía. O lixo chora un pouquiño.

A labradora depresiva

Á labradora gústalle moito cantar. Ten unha preciosa voz de paxaro ferido, feliz e delicado. Ás veces canta, e ás veces ten ganas de chorar sen parar e morrer chorando. Viste roupas futuristas. Cando era moza os homes querían violala na aldea. As Dúas Marías pasean con moito orgullo e son moi pobres. Cando vai ao psiquiatra a Monforte a labradora leva terra nos zapatos. Ten algúns días bos e moitos días malos. As ideas de suicidio non discriminan por sexo, nin por idade, nin por status socioeconómico. A directora Isabel Coixet envorca sempre moito de si mesma no cine. Suicidarse é un acto terrible e romántico, ou é unha forma de vitalismo e sobrevivencia? A depresión camiña con ela cando xunta unha pouca herba, cando fai patacas cocidas con verdura, cando se namora do seu homiño xeitoso. Os vermes, pouco a pouco, van entrando no cerebro da labradora. Ela é unha muller resolta. Se tivese 16 anos iría aos concertos de rock and roll e entendería moi ben todas as protestas, todos os medos, todos os desvaríos da mocidade. A labradora ten unha barriga enorme e redonda. Sempre lle gustaron as festas, os gaiteiros e as antroidadas. O psiquiatra dille cousas bonitas pero ela non entende o idioma dos cárceres. Prefire que as súas pantasma anden libres polas corredoiras e polos prados. Toma un ansiolítico pola mañá, outro a mediodía e outro pola noite. A labradora dorme sempre. Quen inventou a bondade humana? As mulleres son impredecibles. Os homes teñen un comportamento máis obvio.

A labradora abre moito os ollos porque recibe unha carta certificada.

O home mullereiro

Ao home mullereiro gústanlle moito as pernas sen depilar das poetas. El é un home atractivo e interesante, que sabe moito de culturas e viaxes. Os domingos pola mañá toma unha copiña de anís para refrescar a gorxa. Recibe na súa casa a visita dunha escritora que está totalmente á moda e cando el se despista un pouco, á poeta étranlle ganas de ser poeta e pon uns ollos de bruxa que darían medo a calquera. “Ti cres que eu son guapa?”, pregunta a poetisa e o home mullereiro pecha os ollos para non mentir. El ten unha muller en cada porto. Gústalle coleccionar versos e miradas. A inocencia é unha das cousas máis revalorizadas neste mundo de trampulladas. “Queres que te leve no colo?” dille el a ela. O misterio é un sol redondo. Fanlle unha entrevista na radio e pregúntanlle: “vostede por que sente tanta adoración polas poetisas galegas?”. El non sabe moi ben qué contestar, pero finalmente di: “porque son como meigas”. O seu corazón é tan grande que ás veces non lle cabe dentro do peito, e ten que facer unha ampliación do seu corpo. As poetisas comezaron escribindo cursiladas na adolescencia, e co tempo foronse convertendo en produtos tan cotizados como os móbiles Nokia ou o Colacao. O home mullereiro quere especializarse en ser un bo axente comercial para as poetas divinas e ególatras ás que lles fai as beiras. Mocear é algo que está permitido ou prohibido, segundo a dirección do aire. Hai días nos que entregas todo canto tes, e hai días nos que te volves soberbio e forrica. “Os autores teñen a sensación de ser eles os que están a soste a industria do libro, malia recibir a cambio só migallas: sobre un 10 % dos beneficios”.

A arte de ver paxaros é a arte máis difícil e inconquistable.

O director e o mendigo

O director do xornal viste chaquetas de Roberto Verino. O mendigo é rico porque atracou un banco, aínda que a xente lle dá de esmola moedas de 20 céntimos. O director e o mendigo anímanse mutuamente, e escribíense cartas todos os meses. “Tes que deixar barba para parecer un home formal.” Non te fíes das empresas. O director despide o mendigo, que era un dos redactores do xornal. “Porque mercamos unha máquina moi cara, e temos que reducir gastos”. A máquina, por si soa, enche o xornal? Fai entrevistas e reportaxes? Vai ao teatro? Sente envexa? O mendigo ponse a durmir na rúa. “Muchos escritores piensan en imáxenes cuando escriben. Todo es cine, todo son imagenes.” Non chegues tarde á cita que tes no restaurante máis cool da cidade. O director é un home guapo, co pelo canoso. Transfórmase nun poeta cando merenda un bocadillo de chourizo co mendigo, sentados no banco dun parque moi sucio. A máquina respira como un ser humano? Soña polas noites con lobos tristes? Cando fai calor sabe moi ben a ensalada de leituga e tomate. Anxos Sumai dille ao mendigo: “A dor é un dos ingredientes básicos da beleza, da mesma maneira que un xardín precisa do esterco para florecer.” O motivo literario sempre é a Vida. As santas son máis guapas se teñen a boca aberta. A máquina redacta verdades e mentiras? Sabe boxear? Namórase dos petroglifos? O mendigo ten moitísimos billetes de 50 euros, pero a xente pensa que é unha persoa abandonada que necesita moito cariño. O director vai aos debates da televisión e parece un político. Sentir compaixón é unha aventura incomprendida. Gústame conservar as relacións, que duren moito. É un traballo de carpintería. Creio na fidelidade. María do Cebreiro pega puñadas contra a mesa: “Os tímidos escapan da alegría, tremen e son leais”. Sempre quixen romper os límites da poesía. O mendigo desaparece. O director escoita os latexos do corazón desa máquina tan grande.

As orquestras no verán teñen moito traballo.

O perfume da estatua

Descubrir a esencia de “ser muller” é como descubrir un perfume. A estatua foise construindo a si mesma, e nos bicos e nas caricias do seu namorado transformouse nunha muller cun corpo bonito. Ela tiña medo desa sensación, e é a sensación máis doce do mundo. As praias son máis bonitas ás 8 da tarde, paseando pola beira do mar. Cando marchan todos os pesados que toman o sol e queren poñerse morenos aínda que chova. Unha muller non é un pecado, senón que é unha torre alta, e tamén é unha torta de améndoas. Juan Gelman díxolle a unha estatua: “Siempre te amo por primera vez. Siempre te amo la primera vez”. Gústame estar a escuras, cando os meus pensamentos voan coa marea. A morte é un corvo que nos leva. Choramos de rabia e desamor porque “tenemos una nube de dolor en los huecos de nuestras escaleras y nuestras historias”. A estatua pinta as uñas cunha pintura brillante, para parecer un pouco máis elegante e sensual. Ser muller non é ser un can enfermo, senón que é ser unha nube fermosa. “Unha vez durmín nunha redacción enriba de xornais e ficaron as letras impresas na meixela.” Valle Inclán era un cabalinho do demo, un ghaiteiro azul. O perfume forma parte da estatua. Ela sempre camiñou pola vida con esa seguridade que tamén é inseguridade, e tamén é misterio. Unha muller pode ser sabia e estar chea de dúbidas, “caminos torcidos e iglesias de cantos silenciosos de la gente”. Unha muller non é un muro. Non rompas as cartas que che escriben as estatuas cando é de noite, e a cidade convértese nun río con moita auga. “A música evapórase?”. Ser muller é maxia, tenrura, destino, ou simplemente “vida”?

Os bombóns de chocolate saben mellor con licor.

O rumor da biblioteca

A palabra “quérote” vai á biblioteca. Senta, abre as pernas e le tantos libros que acaba cansa e en plena forma. Cando era unha nena a palabra “mírote” soñaba con atopar amigos e ser correspondida no seu amor de escaleiras de madeira. As bibliotecas pequenas son mellores porque son íntimas e non morres coa timidez cando queres pedir un libro. Accedes a Internet aínda que sexas unha palabra sucia ou indixente. Todas as palabras necesitan mesturarse unhas coas outras, para que a soidade de nadar non sexa dura e insoportable. A palabra “soñar” pásao moi ben flotando. De quen son eses libros que están nos andeis? Non son de ninguén. Son de todos. Podes collelos. Non sexas tan vergonzosa pois todas as palabras teñen dereito a ser cultas e libres. Tes unha cintura fina e podes poñer un vestido axustado como as actrices. A palabra “vida” séntese querida cando vai á biblioteca. Aquí hai discos, tomates e películas. Os bibliotecarios e as bibliotecarias son persoas amables e educadísimas. Parecen paxaros dun mundo diferente no que a democracia é posible. Respírase un silencio moi presumido na sala de estudo. Un rumor tranquilo que nace no mar e morre cando as palabras abandonan a biblioteca. “La danza contemporánea en Galicia está viviendo un momento bonito, de viento fresco.” O libro ‘Odas elementales’ está á túa disposición. Podes levalo para a túa casa e convivir con el durante 20 días. Podes namorar de Pablo Neruda.

O mel cura moi ben os catarros.

O abrazo dos amantes

No tempo das uvas os amantes procuran un abrazo. Os corpos convértense nunha caixa forte para gardar as sensacións das persoas que aman. Hai sitio para min na túa cama de volantes? O home que se namorou da primavera ten un carro vello de soidades e unha alma que quere apertar e ser apertada. O corazón de Tito París latexa fortemente cando canta: “déixame durmir, déixame soñar.” Os amantes, mentres se bican, reciben unha descarga eléctrica. Quitan as roupas e báñanse nun río de marmelada. El máis ela parecen lavandeiras que traballan, descansan e cantan. As nubes teñen un finísimo diafragma. A casa dos amantes está chea de fotografías románticas, borrosas e desordenadas. Os abrazos alimentan tanto como a ensalada rusa e semella que deixas de respirar mentres te aloumiñan. O enterro dos amantes non é triste nin desesperado porque a morte é unha porta aberta que leva a lugares claros e ecolóxicos. Cando a persoa que queres te acariña non tes débedas nin enfermidades. Levas o caldeiro cheo de uvas, e o teu estómago está preparado para ir á festa. Manolo Rivas escribiu nos tetos das vacas: “o xornalismo é como o nivel do carpinteiro.” O desexo que senten os amantes é unha leira moi grande de terra que hai que sachala e coidala. A pel vólvese metálica e consciente do mar sonoro. As uvas brillan tanto que cegan todas as miradas. Romper a chorar é o primeiro sinal de vida e demanda.

14 AGOSTO DO 2008 - NÚMERO 732

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS

Rafa Janeiro

Rafa Janeiro (Compostela, 1969) somerxeuse xa hai anos nunha radical experiencia: integrar nun mesmo plano as distintas formas de expresión artística. Esa forza levouno a fundir as máis diversas disciplinas, se ben a raíz da aventura –a que se axitou desde o principio do seu espírito nómade– tivo lugar na escrita, cunha poesía de sinuosa evocación sincrética. A partir de aí, a súa obra converteuse nun

Rafa Janeiro

Enigmas


mapa inclasificable de latitudes, desde a performance á plástica, se ben o ámbito no que desenvolveu a súa vertente máis envolvente é a música. Tamén a máis dilatada na súa diversidade de propostas. O seu último elo é a investigación da imaxe en movemento a través do vídeo e de formas abstractas que el reelabora como se se tratase de samplers. A poesía, desde o seu punto de vista, é “a posta en xogo dun valor humano no terreo do artístico” e os poemas visuais que agora aparecen nos monográficos de verán de *Revista das Letras* representa a confirmación deste principio ético, redimensión da palabra nun contexto espacial intensamente biolóxico. Os seus catro poemas, segundo el mesmo recoñece, “son catro inmersións na lama”.



o cárcere das palabras
espello onde os fillos de Narciso
contemplan compracentemente
o seu rostro
érguese monumento inútil
da propia cegueira
adorado por aqueles que habitan
as súas celas

de nada serve tentar ao demo, procurar
o reverso das cousas, mudar a perspectiva
se no centro mesmo do inferno a chama
destinada a prender humedece
na auga morta do esquecemento
e se non hai un final?
e se partimos dun punto
equidistante a todo extremo
imaxinabel? e se o tempo?
e se nós, os outros?

só un xiro imprevisto pode
volver a luz, desenterrar a
chave incendiaria, re-coñecer
o instante do asedio e ferir
de morte eterna ao intruso



Andabamos todos á procura de algo naquela noite. Semellaba que estabamos alí, sen máis, sen razón aparente, perdidos no estraño vagar do tempo; extraviados na memoria do intento. E, porén, estabamos na procura de algo. Algúns durmían, sen máis. Outros, espertos, crían que seguindo a luzada do astro arribaban ao porto secreto do misterio. Os nenos, que non eran máis ca xogos enxendrados na fugacidade do instante lúcido que alguén tiña gozado, fluían en luz de cores, e algúns ao seu abeiro semellaban vivir de novo. En realidade todos estabamos vivos e devecendo atopar aquilo que non sabiamos. Alguén encetou o canto e as mans comezaron a formar figuras que descendían do corpo mesmo do caos. Figuras ataviadas co rostro inequívoco do silencio, por baixo da música, instituindo un sublime ruído que enchía todo oco imprescindíbel. E a cada plenitude outro novo silencio, un eco, unha dádiva de sangue e mais espuma, un amor interpretado na clave da danza eterna; desde a visión imperfecta do erro, desde a convicción do explorador irredento. Non cumpría ollar cara a outro lugar porque o sentido se atopaba de xeito preciso ante os ollos, flutuando no mesmo punto que a nosa consciencia trazaba permanentemente. Figuras, dicía, diciamos, que apenas alimentaban un principio escaso mais teimosamente activo, vestidas do xesto espido de cada palabra nesa voz deletreando melodías, solitaria e emparellada ocultamente con aquel silencio cristalino, auténtico, primixenio e prolegómeno do grande estoupido que sempre estaba por chegar. Unha rozadela aguda no momento da carne e, aínda que sabiamos do perigo do avistamento, da zozobra que unha certeza impuña, seguiamos adiante e en realidade non sabiamos. Detivémonos por un tempo nunha praia. O traballo continuo na obra comunitaria absorbíanos en corpo e mente. Erguiamos casoupas de madeira esteadas sobre paus que, ou ben o mar achegaba, ou ben a selva que axexaba mostraba nas súas liñas fronteirizas; as liñas que daban forma á enseada. Cada mañá un grupo saía a cazar.

Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum.

21 AGOSTO DO 2008 - NÚMERO 733

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS

cousas arduran ópanse a terra

María do Carme Kruckenberg

María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) asegura que *Nos límites do arreguizo* –de inminente aparición en Espiral Maior– e *A levidade do silencio* –que acabou de escribir hai uns días– son os seus últimos poemarios. Aos 82 anos e tras 27 libros que abranguen máis de cinco décadas de constancia lírica, Kruckenberg –voz esencial da poesía galega de posguerra– dá por concluída a súa particular aventura e opta por dedicarse unicamente á narrativa. Probablemente escriba tamén as súas memorias, testemuño dunha vida que se enraíza nas orixes alemás da súa familia –ela mesma estudou no Instituto Alemán de Vigo– e que se estende por México, onde o seu tatarabisavó Carl Christian Sartorius –un alemán rebelde que fuxiu dos ditados conservadores de Metternich– tratou de crear unha comunidade utópica de colonos que vivisen “en ocupacións ditadas pola propia vontade e non baixo a presión do costume ou da conveniencia”, como el mesmo escribiu. Sartorius é o autor dun

María do Carme Kruckenberg

Nos límites do silencio

ensaio sobre a xeografía e a historia mexicana que aínda hoxe é modélica, tanto en Alemaña como en México. Fiel a esas raíces, Kruckenberg –a primeira da súa familia alemá nacida fóra das terras de Veracruz, onde contaban cunha facenda sucreira– converteuse no prototipo da escritora cosmopolita e viaxeira, culta e políglota. Coñeceu o terror da ditadura e a dor dos exiliados durante a súa estadía en Bos Aires –tratou a Castelao, Lorenzo Varela, Alberti, Girri, Olga Orozco...–, adentrouse na Literatura como quen contrae “unha febre” e viviu o feminismo como liberación xeracional. Ás súas costas, medio centenar de publicacións –predominantemente en galego– que evidencian o seu compromiso coa escrita, co poder transformador da palabra e cunha terra que sente plenamente íntima. Os nove poemas que hoxe aparecen nos monográficos de verán de Revista das Letras pertencen aos seus dous últimos libros. Fieis na forma ao persoal estilo da autora, *Nos límites do arreguizo* e *A levidade do silencio* comparten tamén a vontade de recuperar trazos dun pasado que permanecera oculto até agora. No tema, porén, son moi distintos: o primeiro libro está centrado no amor –“o amor imprégnao todo e eu creo no amor máis que nos amores”–, mentres o segundo amosa unha vertente máis tensa e furiosa. Neste último, ademais, aparece a súa particular visión dos difíciles tempos da guerra.



Os límites do arreguizo

1

Chovía pola codia
da miña ignorancia,
e non permitín
que azulearan os meus ollos
logo de tanto mirar.
Quedei como a palmeira
do noso xardín
bamboleante. Penso.
Tremeleaba o compás
do vento
abaneando imposibles.

E non sei como pasou,
molleime de soños.

2

Matínase que cada cuestión
que acontece
é grave.
Que ten que suceder
algunha cousa
impensable,
que pode ser a discordia
do agarimo,
da tenrura.
Que a man e os dedos
menten.
Que é necesario fuxir
das ondas que che afogan
o peito.
Que todo espectáculo
se volve unha barreira
de música.
E que tes que apurar
se non queres ser sombra
na sede.

3

Soaba para nós, strangers in the night,
e chegou,
viña cos ollos vermellos
de tanto agardar
non sei que.
Eu estaba alí escoitando
a Frank Sinatra,
e calei.
Non tiña nada que dicir.
Rematou a canción
e sen un xesto de tristura
saín pola porta adiante
co corazón a galope
polo primeiro desengano
da cidade.
A dor chegou coa marea
como un furacán desmedido,
e rematou
o que non comezara.

4

Lembro aqueles tempos do verán
tomando o sol
e refrescando os corpos
no mar.
Recordo cando tocabas
os meus labres
cos dedos mollados
de auga e de sal.
Eramos tan nós mesmos
tan lonxe da realidade
tan inconscientes da barbarie
que non tiñamos horizonte
máis que na profundidade
da mirada
centrada nos ollos do encanto.
Ti e mais eu envoltos
na area da inocencia
gozando da liberdade
que roubamos
os esfarrapados da historia.

As agullas do reloxo
pasando mansamente
para achegar as tebras
da inxustiza.

Agora xa é tarde para todo,
case que é tarde para todo,
ata permanecer perdidos
neste espello.

A levidade do silencio

5

Recordas como ladraba
un can
aquel mencer?

Tiñamos unha preguiza
que non deixaba
poñer un pé
no entarimado frío
do mes de novembro.
Pola outra banda
aínda tiña teus labres
esvarando pola miña
caluga.

Fíxose imposíbel voltar
ó traballo e á rutina
diaria.

Non sei se recordas
aqueles tempos
de loita agachada
dos nosos corpos
acabados de estrear...

Foi fermoso, foi moi fermoso
ter vivido.

1

Ás veces é doado
dar a volta ó pasado,
e cavar ata os ósos
dos nosos devanceiros,
encararse cos tempos
que vivimos co medo
de transitar a vida.

Somos nada, somos terra mollada,
só terra mollada
onde se murcha a rosa.

2

O primeiro outono chegou xeado
ninguén falou dil,
foi un outono
calado e incerto
logo de tanta morte.

Os campos son deixaron vivir
o espectáculo das flores
que alumaron fermosos estíos.
Tamén o mutismo andaba escondido
nas covas perdidas que fixeron os homes.
Era fráxil o vento nos cumes nevados
e o medo
deixou de medrar co tempo.

E viraron os ceos coas mesmas estrelas
un ano tras outro
ó longo do exilio.
E naceron poemas no peito dos homes
con outras historias.

A beleza voltou chea de saudade
despois do amargor interior das palabras.

3

Houbo marxes insalvables
perto dos ríos, onde os homes
afogaban sen chegar á orela.
Recordo aínda o choro
da chuvia entre os cabelos,
e os paxaros doentes
coas azas esfoladas.
Vénme ponlas queimadas,
e mazorcas de millo
sen encher os canastros.
As leiras enlamadas
sen mans que as traballaran.

E houbo sangue
arredor dos piñeiros durmidos,
e houbo sangue, e ningúen a quería.

Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum. A fotografía interior é de O. Chavaga

As que pe ato baixo

28 AGOSTO DO 2008 - NÚMERO 734

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Lucía Aldao

Lucía Aldao (A Coruña, 1982) é unha das renovadoras dos recitais en Galicia nos últimos anos. Figura frecuente nos actos do colectivo Maribolheras Precárias, compañeira de Carlos Blanco no seu espectáculo *Dillei*, membro de *Somos unha Potensia* e estrela do circuío de músicos alternativos en numerosos escenarios do país, Lucía Aldao utiliza a radicalidade visceral –e íntima– para

Lucía Aldao

Poem(aaaaa)s

enfrontarse ao poema como quen asiste a un combate a vida ou a morte. Con textos e espectáculos que levan títulos provocadores – *A poeta analfabeta*, *Poeta de merda* ou *Onde estea un cubata que se quite un poema*, este último en colaboración con María Lado– Aldao sobarda os límites canónicos da poeta e penetra nun espazo onde o verso se converte en activismo, axitación e compromiso. Os poemas que hoxe aparecen nos monográficos de verán de *Revista das Letras* inciden no seu estilo de rupturas e desublimación. “A inspiración”, asegura, “cólleme case sempre a deshoras”. Nese instante, unha man dispáraselle directamente ao bolígrafo “e a outra aperta con forza o estómago e o cerebro”.



Poema [A raíz do toxo verde]

Esta é a historia que se sostén no recordo dos teus ombros,
nesa parte da cidade que se nega a durmir porque nós non o facemos
e no desexo de reclamarlle ó estado que nos conceda unha baixa
por amor...

Esta é a cara dura que propoño ante o corpo máis débil.
Somos nós rifándonos os parques
ou eu durmindo aínda na mesma cama na que te botaba de menos.

A película vai diso.
Da posibilidade dunha noite enorme,
da esperanza de que o verán dure cinco anos máis
e de que saias da seguinte porta.
Da seguinte, non de calquera.

Supoño que son demasiado inestable no que a amenceres se refire,
e non me chegarían os dedos da cidade
para contarche as veces que o fixen mal.
Pero tampouco me chegaría a profundidade das cousas profundas
para que imaxines a intensidade da historia.

Todo isto ten máis de verso que de verdade,
pero ás veces penso que loitei para que non me gustasen as baladas,
incluso propuxen prohibir o efecto da música
sobre as gañas de que volveses.
Pero era mentira.
Ninguén pode rebater certas teorías:
o que cae
cae,
e atravesa o chan mil veces se fai falta...

A película vai diso.
Da certeza de que eu son quen de escribir cousas superalegres.

E de paso,
constrúeme un paseo marítimo (acristalado)
que nos protexa de todas as resacas.

Poemaa

Foi por non decatarme a tempo de que quería que o meu poema
soubese a churrasco,
que houbo que agardar ó final da tardiña
para confirmar tema e intencións.

O verán e os versos
pídoos todos sempre con moita carne.

O día enteiro sen deixarnos,
e con torpeza e indignada
deixei que a aldea toda se me fose metendo nos pulmóns.

Eu con fame non sei escribir,
pero ocórrenseme moitos versos...

E foi comezar a ver en rigoroso directo os primeiros pasos da cea
para que o fume rico ese
chegara a estas páxinas bastante antes ca min.
Que detallazo.
Que agradecido o vicio este
que me permite facer saliba e facer poemas
mentres se van facendo as brasas.

.....

Eu mordo o bolígrafo en plan metáfora de fame
e achegándome á mesa, miña musa,
comprobo como a ensalada de tomate lle ha de facer tanto ben
ó meu poema coma ó churrasco.

Saboreo cada anaco deste verán que non comeza.

Son quen de comer en proporción ó que te boto de menos.

Poema nacido dunha costela (de porco).

Poemaaa

Eu facíache poemas no medio do vendaval.

Tiña todos os furacáns e o pulso en contra miña

e aínda había quen xuraba que o escrito, escrito queda.

Vin como marchabas ti

e vin á dor expropiarme de todas as palabras.

–Por despeinada.

Iso pasoume por despeinada.

Por delegar no aire

e non amarrar con cordas os versos do antebrazo.

Por concederlle ó vento tanto poder,

que xa lle chegaba co que tiña.

Poemaaaa

Este será un poema para que o leas moi rápido
(porque a velocidade era outro dos sentimentos acordados)
e que deixe separacións entre as palabras é un favor que che fago
a ti.

A ti todos os favores do mundo.

Este será un poema a estrear.

E serán os meus ollos (beleza obvia que me concedo)
patentando xoguetes pola noite adiante,
contratando avionetas de cola que che digan unha frase
e unhas cantas intencións:

“os teus brazos son unha sucursal do paraíso”,
son as terrazas no verán
bicos coma puzzles
as tardes de plástico
os meus amigos
as risas
os sofás de toda a cidade tapizados coas nosas risas...

Meu amor, non innovamos nada,
pero neste pracer de mil norias ascendendo
recoñezo a calidade deste amor e da túa lingua,
achégome robótica ó teu corpo esquerdo
e comprobo como, efectivamente,
o teu corazón está tocando a miña canción preferida.

Poemaaaa

Pero coa intensidade doída
confundo se son eu a que se esforza (ou non) en repetir os pasos,
empregar a mesma fórmula, equivocarme así.
E mira se son tonta
que as paisaxes se me filtran mal por dentro
e fago de pedras a cama
e fago de follas a casa
e faime un gran favor e entérrate neste adoquinado
feito do que me fai dano e do que collo vida verde
porque me confundo,
porque xa non sei cal das dúas cousas sangrará máis
se me dá por facer algo.